

A velliña vella, Vicente Risco

“Petando ás portas”

O escudeiro Pai Soares, que non fora na súa vida ao Santo André de Teixido, ergueuse na súa cova e tomou camiño para o Norte.

Camiñando, camiñando, *surtiulle* unha velliña vella, branca coma o luar, de loito vestida. Pai Soares fincou os xeonllos no chan e beixoulle os pés.

5 – Pra onde vas, Pai Soares?

– Lonxe, cara ao Norte, ao Santo André de Teixido.

– Non entrarás no ceo se aló non vas...

– Ides soíña e tristeira...

– Coroa podía eu levar na miña testa!

10 – Se tiverades fillos que a recadasen!

– Logo é certo que o mundo principia unha nova vida?

– Andan a crebar as vellas madeiras.

– Tamén eu vou chamar os meus fillos...

E a velliña colleu pra a vila e chamou á porta dun seu fillo que era avogado.

15 – Veño a que defendas o meu dereito.

– Cal é, logo, o voso dereito?

– Houbo un tempo no que toda esta terra era miña, e os meus fillos tamén eran meus. Mais viñeron os meus veciños e fixéronse donos dos meus eidos, e máis asañáronse na miña honra. E trocaron de tal xeito os meus fillos, que case non os coñezo, nin eles me coñecen a min. Tanto se imitan aos estraños... E como ti es avogado, quero que defendas o meu dereito, pra que me fagan xustiza, e me *volvan* os meus fillos, e me *volvan* o meu casal.

20

Respondeu o avogado:

25 – Señora, eu non podo defender o voso dereito [...]. Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei.

E a velliña vella marchou coa *ialma* amargurada pola ruada da orballeira frienta, e foi onda un seu fillo que era escritor.

30 – Onda ti veño pra que me defendas. Ti escribes nos papeis e os homes escóitante. Fixéronme inxustiza e tiráronme o que era meu. O meu fillo avogado non me quere defender, porque o meu dereito non está nos códigos. Mais ti has falar por min, pra que a xente faga leis que me amporen.

Respondeu o escritor:

– Señora, a xente dáme tino porque lle falo do que ela quere. Quen ten que ver co voso dereito? Eu non vos podo defender, senón perderei o creto.

35 E a velliña vella marchou coa *ialma* amargurada pola rúa chuviñenta, petar a outra porta. E foi ver a un seu fillo que viñera das Américas con moito diñeiro.

– Aquí veño, onda ti, porque os que me podían defender, desbótanme; non queren pedir pra min xustiza, nin vingar as aldraxes que me fan. É que me ven *probe*. Mais ti darasme cartos e erguerei todos os meus fillos atrás de min.

40 Respondeu o americano:

– Señora, eu teño que atender cos meus cartos as obras que traio entre mans [...]. Se eu vos dera tino, quen me ía chamar gran filántropo?

E a velliña vella fuxiu da vila e principiou a andar por unha corredoira enlamada. Ao pé do camiño atopou un dos seus fillos, que era labrego, traballando nun eido.

45 A velliña vella faloulle:

– Eu tiña terras, e xa non as teño; tiña fillos e os fillos déixanme. Andei a pedir xustiza, pecháronme todas as portas...

O labrego escoitaba moi atento, botado pra diante, apoiado coas dúas mans no legón.

50 [...] Agora veño onda ti, que me has defender contra todos. Se ti queres, recobrarei as miñas terras, os meus fillos volverán onda min, e tornarei ser o que fun.

O labrego respondeu:

– Señora, o que a vostede lle pasa, levar, lévame pena... Afellas que ma leva!... Mais neste mundo, cada un goberna a súa vida e procura do seu... Velaí está: se viñera un goberno que quitara os foros, que quitara os caciques, que quitara os trabucos...

55 E revolveuse e seguiu sachando no eido.

A velliña vella, magoada e tristeira foi andando, andando...

O escudeiro Pai Soares tornaba da súa romaxe, en procura da súa campa na igrexa da *aldeia*. No medio da gándara esquiva, atopou a velliña vella, a carón dunha pedra das que chaman pedra dos xentís.

60 Estaba petando nela cun croio, para espertar os que dormen debaixo o sono eterno...

*A velliña vella* (texto adaptado), Vicente Risco